


# AGUILÓN

Revista de la Asociación Cultural Bermejilla

OCTUBRE 1982

nº 1



a contaminación

### DEDICATORIA

Os vecíños de Castro, Ponte (Infesta), Narón... que son as vícimas inmediatas dunha contaminación que creemos que até agora non foi denunciada coa forza debida.

Máis, como grupo, pretendendo lucrar encabezando con este da contaminación unha serie de temas monográficos tratados desde un punto de vista crítico, de denuncia, con propostas de alternativas, etc., e



Existe unha fonda preocupación a nivel mundial nos últimos anos polo progresivo deteriorio do medio ambiente e das condicións da vida.

O mesmo tempo que o nivel de vida aumenta nas sociedades industrializadas, nace a preocupación do alto preço a pagar por este "bienestar". O seu efecto, a contaminación ambiental, o progresivo deteriorio do medio natural, a contaminación dos ríos, dos mares, a súa repercusión no home e na vida en última instancia. Unha vida máis deshumanizada e menos natural en suma, fan pensar con preocupación no futuro que a ciencia, a tecnoloxía e o "progreso" nos deparan.

No noso país, o paso dunha sociedade dependente, tradicional, prenca pitalista a unha ilusoria sociedade industrial capitalista fai mís angustiante este proceso.

Basta bater unha olloada ó proceso de "industrialización" do noso país nos últimos anos para decatarse de que as industrias que se enqueiron por Galicia adiante, atemblan de non responder ás necesidades e recursos do país, acentuaron o proceso de dependencia e recibiron aliás a hipoteca dos propios. Industrias como as Celulosa, por exemplo, causaron alteracións ambientais irreparables - véxase a illa de Pontevedra coas súas riquezas naturais destruidas por unha fábrica de celulosa e non solucionaron ningún problema económico.

Fronte da planteamentoos triunfalistas do capital e dos técnicos ó seu servicio, fóra podemos ver que despois de aturaz industriais que dan rrexitadas nosas partes, o balance é ben negativo, máis contaminadas, os nosos recursos naturais agotados, pero máis numeroso, creación dunhas necesidades de consumo innecesarias en gran parte, miles de familias botadas á emigración despois de serllas espropriadass as mellores terras en anos dunha industrialización irracional, etc.,.....

N sociedade tecnolóxica e industrial, cega ante todo o que non sexa aumentar os niveis de produción nunha tola carreira sin fin, chegue xa ó punto de amenzar gravemente a VIDA e o equilibrio ecolóxico.

Nestes días estamos assistindo, impotentes, ó vertido de materidos radioactivos pertos das costas galegas. Hai xa unha conciencia en moita gente das graves repercusiones que feitos como este poden ter no futuro, non xa nos recursos naturais do mar ou na vida mariña, serán na VIDA mesma.

Nun pobo, nunha vila como Belánzoa, o equilibrio biolóxico polése na char non xa con centráis nucleares ou vertidos radioactivos. Simplemente unha reira de agresions como os vertidos de centros industriais que actúan na zona poden -se xa fixeron de certo- alteriar gravemente ese equilibrio. Véxase sonen a alarmante contaminación dos ríos e da mesma ría, a morte da súa fauna, a contaminación ambiental do ar, etc.,.....

Consta que non nos opñemos á industrialización nacional e á progresión real. Oponémos a unha industrialización irracional que hipoteca o futuro; coa vista -moplar- posta unicamente nros beneficios a corto plazo.

Coidemos que é hora de cuestionar o alto tributo a pagar, de analizar los perxusios e beneficios e tratar de mellorar un pouco as condicións de vida -que non son sócio económicas- sin rachá-lo entorno e a cadea biolóxica.

# *CONTAMINACIÓN NON INDUSTRIAL*



Deixando a unha beira a / contaminación producida polas/ empresas que actúan en Betanzos e arredores, un dos focos/ de contaminación "non industrial" é o producido polos ver- tidos do servicio municipal de limpeza e pedos vertidos cian- destinos.

## O VERTIDO "OFICIAL".

Con respecto ós vertidos/ do servicio municipal de limpe- za compre decir que nunca esili- tiu unha planificación axeita- da. O Axuntamento nuncas tivo / moi claro o problema e a súa / resolución. Deste xeito, oún- co que fixeron os anteriores / corporacións - a actual ainda/ non fixo nada ó respecto, a // non ser a subida do imposto de recolleita da basura - foi me- canizar un pouco o servizo, / mercando camións prà recollei- ta, en vez dos carriños de man que empregaban os barrendeiros.

O vertido dos desfeitos / foi pasando dun sitio pra ou- tro, asegún as necesidades de/ espacio e as protestas dos ve- ciños. Primeiro empregáronse / os xuncás á beira do Mandeo /

como vertedero. Tamén nas in- mediacións do Muelle fixouse ou- tro vertedero, chegándose a / verter na ría. Fixouse logo ou- tro vertedero no lugar de Xe- pe (parroquia de San Martiño / de Tiobre), ainda habendo vi- viendas perto. Os veciños pro- testaron e mesmo se enfrenta- ron ós encargados do servizo/ de limpeza pra que non segue- sen a verter ali. Logo, levou- se o vertedero a terreos do / Ayuntamento de Coirós e, dian- te da oposición deste Axunta- mento, houbo que trasladalo ó/ lugar da Condesa, onde segue a estar hoxe dia, a pesares das/ protestas dos veciños e ó evi- dente malestar e problemas que orixina.

O vertedero actual atópa- se perto do casco urbán, entre Betanzos e Infesta. Estes te- / rreos estaban destinados á con- strucción dun polideportivo, // que non se fixo. Agora está a/ pasar por ali o desvío da Na- / cional VI e estánse a con- // truir unhas viviendas sociáis. Supونse que o vertedero non / pode seguir ali por moito tem- po. Mais de momento, o Axunta-

mento ainda non atopou solución ó problema e segue a facer ali os vertidos e queimá la basura acumulada, malia o evidente perigo prós veciños/da zona - mesmo hai dúas casas xunto ó vertedero -.

Allí acumúllase a basura ó ar libre e queimase cun sistema totalmente rudimentario e mesmo perigoso. Os materiais que non arden vanse acumulando aparte.

As consecuencias da actual situación son graves :

1. Contaminación ambiental, coa posibilidade de producir enfermidades das vías respiratorias, ademais de afectá-la vexetación e os cultivos.

2. Manter un foco antihixiénico e a infección á beira das casas, co evidente perigo de enfermades.

3. A ameaza que representa prós veciños e os animais/domésticos a proliferación de ratas enormes que chegan até as casas.

O vertido e queime de basuras non afecta soio ós veciños do vertedero, senón a todo o pobo en xeral. O fume e cheiro chegan até o centro da villa, asegún a dirección dos ventos, contribuindo, xunto coa chiminea de TRADEMA - empresa que tamén contamina a

rio - á degradación ambiental.

Algunhas das posibles alternativas poden pasar por:

1. Busca duns terreos axeitados para face-los vertidos, fora do casco urbán e nunha zona deshabitada, e destruílos ali.

2. Premover unha Mancomunidad con outros concellos veciños para solucionar problemas e servicios.

Entre varios concellos é máis viabel financiar un terreo e un procedimento moderado de incineración dos vertidos que non alcante ó medio ambiente.

De calquier

xeito, a destrucción do material combustible tería de facerse cun proceso de incineración industrial, ou ben por meio de fornos ou por outro sistema. Os materiais incombustíbeis vídrios, obxectos metálicos... poderían ser empregados en procesos industriais, de maneira que as acumulacións de vertidos foran mínimas e, por suposto, non ó ar libre. A agresión ó meio ambiente sería máis pequena. De todos os xeitos, técnicos ten o Axuntamento para buscar solucións. Polo menos cobran,

### OS VERTIDOS CLANDESTINOS

Non é de extrañar, diante do abandono municipal, que os veciños tampoco colaboren moi co servicio de recolleita / axudando así ó proceso de degradación do medio ambiente.

Existen en determinados / puntos da vila uns focos "extraoficiais" de vertido de basuras que son unha boa mostra/ da falta de colaboración dos / veciños e do abandono que se / deu neste senso nas anteriores corporacións e na actual.

No Carregal, á beira da / estrada de circunvalación oficialmente Avenida de Fraga Iribarne - a maioría dos betanzeiros descoñecémos los méritos de dito señor para ter dereito a / unha "avenida" - é mesmo perto do colexio de E.X.B. vélense / "deixando" escombros e basuras.

Contractistas de obras, bares e/ cafeterías acostuman a valeirar ali as súas "sobras". Todos sabemos quen son, menos o/ Axuntamento que non quere saberlo.

Asimismo, na estrada de / Melide, nos límites do Axuntamento de Betanzos, un pouco an-

tro vertedeiro destes ás dúas/ beiras da estrada. Non é difícil maximar quenverte ali.

Evidentemente estes vertidos clandestinos axudan ainda/ máis a agravá-la contaminación ambiental - e xa non nos metemos no asunto estético -.

Tamén gran cantidad de / basuras botadas polos veciños/ a coto do ríos Mendo e Mandeo, tirándose incluso animais mortos ó río. Aínda non hai // moitos anos algúns traballadores do servizo de limpeza fan/ valeirá-los carriños de desfeitos, ó Peirao, ó Matedeiro -// frente á ponte de ferro - ou ó Muelle, feito que non era pre- ciamente un bon exemplo prós/ veciños. Así dende hai varios/ anos, pódense observar desfeitos de todo tipo nas ribeiras/ e flotando no Mendo e Mandeo,/ que ademáis da evidente falla/ limpeza e estética, axuda a con- taminar ainda máis os ríos e a ría. Ma de por si dabondo con- tamíñadas por algunhas empre- sas que actúan en Betanzos e / arredores. Pero eso é xa fariña doutro muíño.

nas parroquias de Castro e Rego, sufrer contaminación causada polas empresas all instaladas "TRASDESA" e "MATADERO FRIGORIFICO DE MONTELLOS".

#### EN CASTRO:

A parroquia de Castro era unha parroquia maioritariamente agrícola e gandeira. A maior parte dos veciños vivía das producções do campo e da cría do gando, chegando a ter veces cinco ou seis cabezas por familia. Hinda que sempre foi unha parroquia donde a auga escaseaba con frecuencia; as súas pasteiros eran das millores da comarca, gracias a un pequeno río chamado "Sorria", que coas súas augas regaba os prados. Pero agora o río apenas pode ser utilizado polo baixo "mento".

O río, duns cinco kilómetros de lonxitude que se escomenza formando illas por pequenos regachos, nace no lugar de Xor Rodo e pasa por Infesta, Montellos, a Fábrica, Requeiro Pequeno, Espartosa, Collau, Pontellos-Castro, e desemboca en Miodelo (Bergondo), vertendo as augas na ría de Betanzos.

Todo o mundo lembrá como a auga baixaba cristalina e era un bon criado de truitas. Pero desde a instalación de "Matadero Frigorífico de Montellos", as augas sempre baixaron contaminadas e máis que un río segue o camiño de convertirse nun cano de auga contaminada, como xa é. A cor variou até hoxe que presenta un aspecto gris oscuro (fins de serrá sobre de todo), e ó collé-la auga na non deixa unha especie de residuo graxento que todo parece indicar que arrasta todo tipo de cousas: restos de animais sacrificados, sangue, graxas, etc.,.

Os veciños apurán a contar como no curso do mesmo apareceron flotando gran número de truitas mortas, e sentíron o feito con gran preocupación. Agora non escinden o seu deseo tanto como as súas protestas, solic

zendo de diversos organismos tales como o concello de Betanzos co mello cui-  
pábel de todo isto pola escasa, ou nula, atención que sempre prestou ás protestas dos veciños-, Goberno Civil da Coruña etc., co fin de que obligasen ós propietarios do matadeiro a tomar as precaucións necesarias até solucionar es-  
tos afrontados contra a natureza, foron totalmente desatendidas e máis no tempo en que os veciños utilizaban a auga do río, que transportaban en tinallas, para uso doméstico.

Os primeiros pasos dos veciños encaminados a denunciar feito datan // do ano 1.976, cando unha representación da maioria dos veciños de Castro, di-  
nixironlle un escrito con data de 24 de Decembro ó Alcalde de Betanzos, por / aquelas datas Don Julio Romay Becaría, no que lle poñían de manifesto que nel  
matadeiro de Castro, utilizado como tal polas mulleres da parroquia, apare- / cían "... materiales residuais tales como sangre y demás excrementos, produc-  
to del matadero de Montellos, ya que el referido matadero deposita todos sus  
productos sobrantes al referido río..." e pedíalle que ordenase ós proprie- / rios do mesmo que correxisen tales males.

Pero o tempo pasaba e coma o concello non daba ningún tipo de respos-  
ta, os veciños, por medio da Cámara Oficial figuraria, mandaron un escrito pare-  
cido ó Gobernador Civil da Coruña con data 3 de Novembro de 1.977. Pero como tamén o Goberno Civil parecía desentenderse, e co fin de tomar unha postura /  
máis directa, máis organizada, o dia 3 de Xaneiro do 1.978 solicitaron audiencia ó Gobernador, sendo concedida o día 13 de Marzo. Na mesma acordouse que /  
unha inspección de sanidade pasaría a visitar a zona afectada e o dia 25 pre-  
sentouse a inspección correspondente, que, en compañía dos veciños, compro- /  
bou o desastroso estado do río.

Por fin o concello de Betanzos, despois de recibir escrito do Gober-  
nador Civil de data 17 de Abril, dictou unhas normas, aprobadas o 24 (Abril), advertindolle ós propietarios do matadeiro que "... en el plazo de un mes debe  
realizarse en el matadero de su propiedad las medidas correctivas señaladas..." /  
advertindolle tamén, que en caso contrario serán sancionados de acordo coa /  
Lei. Unha copia do escrito sinalado era remitido os veciños de Castro, con data de saída do concello de 27 de Abril, no que se falaba "... que por ofi-  
cio de fechado de Enero de 1.977 se requirió al Sr. Inspector Veterinario mu-  
nicipal para que se personase en dicho larzáno y emitiese informe, haciendo  
lo en este sentido: Que el matadero tiene construidos: 1º. Una fossa séptica /  
de unos 40 m<sup>3</sup>. 2º. Un filtro de arena compuesto por extractificados de grava,  
gravilla y arena, compuesto por unos 100 m<sup>3</sup>; estas instalaciones se hallan en  
completo abandono, en consecuencia nulo es su funcionamiento, desviándose las  
aguas y residuos procedentes del matadero hacia el río sin pasar por el sistema.

pax. 10

ma depurador...".

O 21 de Maio do 1.978, o concello remitentes ós veciños fotocopia III dun escrito que con data 1 de Xunio o nacenteiro presentara no concello, no que se decla que tiñan o "gusto de poner en su conocimientu, que en cumplimento del requerimiento de esta, que nos fue hecho por esa autoridade, hemos realizados los trabajos de limpieza y puesta a punto y correcto funcionamiento de / nuestro sistema de depuración de vertidos que nos fueron ordenados".

Pero polo visto a empresa decía unhas cousas naménticas que a realidade era ben distinta, pois todo seguía igual. No mesmo ano os veciños acordan de / novo entregarase ao Gobernador Civil da Coruña e o dia 6 de Julio solicitan nova audiencia que lles sería concedida os 10 meses de teta solicitado, / despois de que o Secretario Particular Sr. de la Montaña Roel se encargase del que non fosen recibilllos, e facéndoles esperar tres horas sotendos á porta do seu despacho, naquela ocasión, para logo voltar sin nada resolto, nta que por fin, e outra vez por medio das autoridades da Cámara Agraria, foron recibidos po lo Gobernador pero ainda hoxe están esperando pola resposta.

O desinterés das autoridades, dende o Goberno Civil da Coruña até o concello de Betanzos, tanto no anterior corparable salto da época da dictadura franquista a presidida, como xa se dixo, polo Sr. Romay Beccaría quen tardou 14 meses en escomenzán a facer as averiguacións necesarias, e en contestarles ós veciños, como na posterior salto das eleccións democráticas onde a oposición / composta polo P.S.O.E. (Partido Socialista Obrero Español) e P.C. (Partido Comunista) está denostando como nos seus programas a ecuatorial non se concibe dentro dun proxecto de sociedade agora tenha unha boa proba pois protestan contra os vertidos nas costas de Galicia e nunbergantes están a favor da enerxía nuclear, resultaba evidente.

Co fin de chamar a atención publicamente e sensibilizar a opinión pública, os veciños pónense en contacto co periódico "La Voz de Galicia", en cuios números de 2 de Outubro de 1.979 e 13 de Xaneiro do 1.980, publicáronse unhas antigas denunciando "...una situación claramente peligrosa en materia / de salubridad, sin que hasta el momento nada se haya hecho por remediarla...". Ninda que nos antigas faltabase de que "... en el lugar de Montellos existe un matadero, los vertidos del cual parten del mismo, al aire libbre...", un deles rematava facéndolle unha

parte II

boda propiamente a un dos concelleiros de Betanzos, membro por aquel entón da Conellería de Saneamento da Xunta de Galicia, José Villarreal Gómez, de U.C./D. (Unión de Centro Democrático), que decía "... que existía un proyecto de modernización del Matadero de Montellos, consistente en la instalación de una estación depuradora y otras medidas concretas que incluso pudieron ser la canalización (zalidón e cómo, Sr. Villarreal?) de esos vertidos... aprobado 11 continuaba o artigo - en un pleno... y el que fue elevado a la Comisión Provincial de Urbanismo a los fines procedentes ya que este asunto no era de la competencia municipal..."

Pero pasaron xa dous anos e pico desde aquelas declaracions, e as tratacionis a que se refire o Sr. Villarreal no artigo ainda foron rematadas fai moi pouco tempo, e pesares de que a contaminación do río facía estragos na parroquia, tal e como o demostraron as continuas queixas dos veciños, así como o outro artigo de Xoneiro do 80 facendo fincapé no mesmo asunto. Por outra banda o Sr. Villarreal nada decía encal do problema "real" do tema, pois nin parecía estar informado das protestas dos veciños, nin falaba o porqué as antigas instalacións do matadeiro non tiñan a depuradora en condicións, e somente daba solucións a longo plazo, como se os problemas dos veciños foran para el couso do outro mundo; e sin querer saber que desde que se presenta a un cargo público, o normal é que defendase constantemente a uns veciños que forman parte da vila que o votou. ¿nde vai a súa ética Sr. Villarreal e a dos seus compañeiros de Corporación?

Hoxe na parroquia de Castro hai un verdadeiro desastre ecolóxico, que ademais de pernudicá-lo medio ambiente fixo un desbaraxuste tremendo na súa economía (algo que entenden ben os seus veciños) pois os pastos hoxe non producen abondo (cásdeque todo é secando) por non poder ser regados coas augas do río, polo menos a cotío, xa que o gendo non quer comé-la herba. Dende a contaminación do río tiveron que facer unha verdadeira planificación nos prados de regadio, regando somente os tres primeiros días, cando a herba escomenza a brotar, e non botándolle auga até a recollida da herba, sendo a mesma -asegúrion dir os veciños- "mala e repercutindo negativamente na produción e na calidade do leite".

As causas fundamentais de todo isto son os vertidos da industria "Matadero Frigorífico de Montellos", aínda que tamén "Tradema", unha fábrica sita no Norte (Requijón) e dedicada a transformar a madeira, ten outra boa parte da culpa pois as ditas ademais de entorpecé-lo desenvolvo natural da parroquia, producen graves danos na ría de Betanzos ó verten nas súas augas os residuos altamente contaminantes, nalgúns casos.

Nesta que sin entrar en datos científicos, podemos afirmar que os empren-

sas que contaminan non danan as debidas precaucións, nin tan siquiera as ménimas elementos que a legislación vixente establece (contaminacións os veciños que algún dia entraron "medios clandestinos" en "Tradeara" e poideron / comprobar como a depuradora non estaba en funcionamento, e árida Iles parece que os fios de semá que segue estando parada pois os verres concretamente / -dir- "que non hai dios que pare co cheire"), nin se preocupan o máis mínimo por manter unha política de información cara os veciños, pois disto xeito os mesmos tomarían certas precaucións cara a un posibel accidente. (ainda que as empresas actuasen correctamente) como o que lle aconteceu a Doña Pilar Barbeito Dorado que é unha señora viúva, duns sesenta e tres anos, veciña de Castro, quen nos dixo que "alí polo ano 1.975, cando iba a recoller / xullas a unha leira; veu que os negos da terra estaban inundados dunha auga oscurecida que saía por un dos respiradeiros da tubería que leva os vertidos procedentes de "Tradeara". Esta tubería cruce a citada leira (a uns setenta metros da ría de Betanzos) e que a señora Pilar Barbeito levaba en / arrendamento, sendo propiedade de Don Valentín Otero Couce.

Contanos a Sr. Pilar "que a pesares do cheire insopportable foi collendo nas xullas a carón dos negos emporeados, até que escomenzou a sentir mareas, náuseas, sin poder vomitar, así como un doceño no peito que non lle deixaba articular verba".

Prudendo por unha veciña que se atopaba preto dela, levouna a un médico de Betanzos, ó Dr. Manuel Naranz, quen, despois de examinala, mandouna ó Centro da Seguridade Social da Coruña "Juan Canalejo".

A Pilar Barbeito -que contando "non lle foi entregado o parte de / ingreso na residencia da Seguridade Social". Dixerolle que "sufriu un infarto", pero non lle especificaron a causa, pois, por exemplo neste caso / concreto, ben podido ser por inhalación de gases tóxicos. (Qué tipo de gases salen polas tuberías de "Tradeara", pois por un respiradeiro, elevado por un tubo de metro e pico, situado no conxunto que pasa por debaixo da carretera / de Sada, non deixa sair a vexetación e-aíxegar din os veciños "o gando vivirase todo co cheire"?).


Foi dada de alta o día 20 de Outono do 1.979, pero houbo de ingresarla / 27 do mesmo mes. No parte de alta de data 5 de Novembro do 1.975 dice / que "presentaba cefalea intensa con sensación de mareo, que se acompañó de / vómitos alimenticios y sensación de malestar en epigastrio". O diagnóstico / do doctor Hermida que firma dito parte é "intoxicación digitílica", esto é, / intoxicación por inxección demasiadas merciñas pró corazón.

Sigue contándonos a Sr. Pilar "que escolloulle decir o médico que a / atendea en Betanzos que "el aire libre no se podía contaminar nadie", e que

as enfermeiras da residencia falaban dala como "la señora que le puso eso". Dinos tamén "que o Sr. Pombo (hoxe director de "Tradema" por aquél entón subdirector) fai facerlle unha visita e cando ela lle botou a culpa do seu mal ós vertidos da empresa, él contestoulle "no diga eso señora, diga que fue un infarto, lo mesmo que le pudo dar en la cocina de su casa, / sino nosotros perderemos el premio".

E mentres isto pasaba na Residencia, "Tradema" tiña boa conta de que o respiradouro sito na leira que traballaba a Sra. Pilar fose reparado (aísl como un cacho de tubería que alínda hasta fai pouco estaba por allí tirado tal e coma o demostraron unhas fotografías que temos a disposición de quer queira verlas), sin dúbida por medio a que saíse a información pública o "suceso", pois nun documento de data 12 de Setembro de 1.974 firmados por Don José Terán Gómez, en representación de "Tradema" e Don Valentín Otero Louce, dono da leira, cando foi a instalación das tuberías, no apartado 2º, escrito a man, dice: "La empresa se compromete a evitar que las substancias que han de discorrir por dichas tuberías, no causen perjuicios sanitarios, ni de otro orden a los fincas y vecindad". Está claro que a empresa, de levarse adiante unha investigación, tal vez incurrá en responsabilidades.

Hoxe, a Señora Pilar, según parte médica de data 20 de Marzo do 1.979, presenta "incapacidade total para todo tipo de traballo manual". Ela dímos "que lle costa muito traballo sub-las escaleras e non pode respirar ben nun local donde haga algo de fume". Sigue, desde entón, nondicándose e dí "que nunca volverá a atoparse ben". Cobraba unha paga (unhas dez mil pesetas ó mes) por "inutilidade" e, esa si, "Tradema" abonouelle o importe das xulias que ela iba a recoller un día, un dia como calquera outro, alo polo 75.



EN INFESTA

Compre decir que ainda que os efectos da contaminación teñen unhas / características diferentes en cada parroquia, o problema é o mesmo nas díñas: a contaminación. Polo tanto, como no devandito artigo comentamos a loita / das veciños de Castro, queremos sinalar que foi levada conxuntamente nas / díñas parroquias, e moi especialmente no caso de Infesta, polos que viven 71 / darredor do lugar onde está erguido o matadeiro.

No loitas das díñas parroquias tiveron grande influencia / nas decisións a tomar por parte do concello de Betanzos. Pois ó primeiro proxecto de modernización do matadeiro presentado pola empresa, os mesmos / en virtude de escrito (aparte doutrins accions) de data 21 de Xunio de 1979, firmado por uns carente e pico de veciños, conseguiron que fose re- / tirado e rectificado por non prever "un tratamento destinado a suprimir o / eliminar los malos olores, ni un sistema de filtros en las chimeneas o aber- / turas, ni el funcionamiento de un sistema racional de ordenamiento, ni la / instalación de una cámara adecuada para la fundición de grasas y sebo. Tam- / poco se fija claramente la instalación de una red de evacuación que canali- / ce adecuadamente los vertidos y que en la actualidad no posee".

Pero certo é que ainda que as novas instalacións están rematadas os / problemas seguen sendo os mesmos, o que quer decir que ou non ponen en fun- / cionamento o sistema de depuración ou as novas instalacións non están axe- / tadas á legalidade vixente do Reglamento de Actividades. Quién investiga is- / to?

Pero tamén é certo que tanto o Matadeiro como "Trudema", a pesares del / que estas empresas están erguidas en Infesta, non fan tanto estruños como / en Castro, sin que por isto deixe de ser alarmante e lle rede importancia / o problema de Infesta. Por unha banda os veciños de Infesta din que con "Tru- / dema" apenas houbo problemas, que que como a auga do regacho que pasa polo / lavadeiro do norte escorrenza a estar contaminada, a empresa, ante as protestas / das veciños, construiu unha traída única e exclusivamente polo lavadeiro / pra que a auga estivese en condicións de ser "usada", co que as súas protestas / con ista empresa baixaron de "tonel", a pesares de que o regacho segue // contaminado e, de vez en cuando, a traída queda sin auga como aconteceu fai / un mes, máis ou menos.

Pola contra co matadeiro -comentan os veciños- "fui e segue sendo todo / un problema". Pola parte de abaxo do matadeiro transcorre outro regacho pe- / queno, con moi pouca auga, que nega unhas certas prados e que segue ate xun- / tarse co outro que pasa polo lavadeiro e formar, así, o río "Senra".

Até agora o matadeiro sempre bolaba todos os desperdicios, sin desfa-

cer prò regacho, amontonándose, en algúnsa ocasión, gran cantidade deles (cachos de cabeza, fildugos, pelexas, etc.,) ó carón da tubería onde sale o vertido e facendo imposible utilizarla auga para regar as plantas, xa que, tal e como acontece en Castro, o gando non quer comér-la herba. Tamén na beira dos 11 prados iba quedando parte dos desperdicios que a auga non conseguía arrastrar e os veciños dir "que era imposible respirar por ali". Pero ainda que é evidente que o problema do cheiro ainda hoxe é por culpa das vertidas, pois o matadeiro sigue vertiendo sin apenas depurar prò regacho, tamén dir que "o matadeiro almacena todo tipo de residuos nun monte perto do río" é dese rei to nunca desaparece o cheiro, meténdose nas súas casas dunha maneira anormal pois "nun botando botellas enteras de colonia conseguimos facelo fixar".

Otro problema son a cantidade de mosquitos que, sobre de todo en época de verán, abunden pola zona, provocando riscos de infeccions e causando gran malestar nos veciños. Tamén nalgúnha época chegaron a xuntarse fatos de vinte e trinta coides que intentaron atacar a algúns veciños, e que iban a come-llos! desperdicios que os do matadeiro siguen tirando no monte.

Hoxe, os veciños seguén sufrindo as consecuencias. Eles que o viven del coito, sentense inseguros, impotentes, pois as súas protestas, ás súas razóns as súas verdades, seguén dunmindo o sono dos xustos, "archivadas", polos próceres das patrias en calqueira dependencia da burocracia.

#### SOLUCIONES:

Que se abra unha investigación sobre do accidente de Doña Pilar Barbería Dorado.

Que se analicen os residuos procedentes de "Tradema", por si contiveren substancias tóxicas.

Que se someta o río "Serra" a unha lixeira total, incluso repoboandoo con traxitos.

Que se cree unha comisión municipal, composta por membros de todos os grupos políticos, así coma traxociacións veciñas e asociacións culturais.

#### DOCUMENTACION:

- Escritos de data 24 de Decembro dirixidos o concello de Betanzos.

- Escrito de data 24 de abril do 1.978, remitido polo concello de Betanzos os veciños.

- Análisis das augas do río "Serra" feito na reñaturia Provincial de Sanidade da Coruña, de data 29 de Julho de 1.977.

- Escrito de 31 de Maio do 1.978, remitido polo concello de Betanzos os veciños.

- Artigos no periódico "La Voz de Galicia", de datas 2 de Outono do 1979 e 13 de Xaneiro do 1.980.

- Escrita dirixida o concello de Betanzos de data 21 de Xunio do 1.979.

- Informe facultativo da residencia da Seguridade Social de Coruña "Juan Canalejo" de datas 5 de Novembro do 1.975 e 20 de Marzo de 1.977.

Fotografías.- Testimonio dos veciños afectados.

# A CONTAMINACIÓN NA RÍA

## 1. ECOLOGIA.

### 1. Vertidos de residuos.

No río Mendo :

- vertido das augas sueltas do alcantarillado.
- vertidos procedentes da empresa vinícola "UVISA" perto da fonte das Casas.
- vertidos procedentes dos talleres mecânicos e similares.
- vertidos procedentes da fábrica de pavimentos "Manuel // Riego, S.L." perto da Ponte Nova.

No río Mandeo :

- vertidos das augas sueltas do alcantarillado na Ponte Vella.

Na ría de Betanzos :

- vertidos procedentes da empresa vinícola "VINEV" na Cangrexeira.
- vertidos procedentes da fábrica de transformación da madeira "TRADEMA" nas mariñas á altura da Castro.

### 2. Análise das augas.

No ano 1973 a Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago realizou a análise das augas do río Mendo e da ría de Betanzos para empresa Manuel Riego S.L..

Na segunda conclusión díse : "... a partires do punto de vertido da fábrica hai un incremento nos valores de pH,

conductividade calcio soluble, residuo seco da auga filtrada, materia insolúbel e turbidez; en tanto que a partires da unión co río Mandeo os valores de pH (acidez), residuo insolúbel e turbidez desenden deixa establecerse nun valor normal, mentres que a conductividá, os cloruros, o calcio soluble/ o residuo seco da auga filtrada vanse incrementando pola influencia da auga do mar".

Na terceira conclusión díse que os efectos do vertido / da fábrica no río Mendo poden/rian evitarse ampliando e uti- lizando axeitadamente os depó- sitos de sedimentación.

- No ano 1980 un grupo de seis universitarios de Betanzos realizou o "Estudo ecológi- co de Betanzos" que incluia o/ análisis químico e bacteriolóxi- co dos ríos Mendo e Mandeo.

Consiérvase a auga conta- minada bacteriolóxicamente cau- do determinados microorganismos acaban un desenrolle exagerado de esa poboación. A enor- meza está causada por factores/ estímulos que alteran o medio, convertíndoo en selectivo para/ determinadas especies ou acon- cedionándoo para outras novas.

Pra análise tomouse como/ base a poboación de Coliformes e de Escherichia Coli en parti-

cular (Colimetría) e a do E. coli/ treptococo Fecal (Estreptometria).

Aségnase índice do número máis probábel por cada loc. ml.

- INMP = 0

- <INMP deixa loko

- INMP deixa 1483

- INMP superior

(INMP) podemos comprobar se a/ agua está ou non contaminada, / atendendo ó seguinte baremo:

non contaminación

contaminación tolerábel

contaminación perigosa

alta contaminación

Analizáronse as mostras / recollidas en seis puntos dife-

rentes; obténdose os seguintes resultados:

	INMP Colis.	INMP E. Coli.	Estreptometria
Mendo	1483	1483	positivo
"	"	"	"
"	"	1100	"
Mendo	loko	"	"
"	1483	53	"
Confluencia	"	1483	"

Observamos un índice de con- taminación perigosa e de alta/ contaminación.

Da análise química destí- case a gran cantidade de mate- ria orgánica xúpase concurri an- gún o Código Alimentario é de/ o,5 mg/l. Os resultados indie- can a existencia de contamina- ción:

- Mendo en poboación : 4

- Mendo antes da poboación: 2,5

- Mendo en poboación : 4,5

ción Mariquera de Galicia" re- alizou análise das augas da ría de Betanzos e partires do/ punto de vertido de TRADEMA.

Na cuarta conclusión diso- que os valores da Demanda Quí- mica de Oxíxeno son moi eleva- dos. Isto é un índice do forte con- tido en materia orgánica / das augas.

Fálase tamén de necesidad de dun estudo máis estenso e / prolongado pra determina-las / condicións de contaminación na que se atopa a ría de Betanzos.

- Un equipo de "Centro Es- perimental do Plan de Esplata-

### 3. Destrucción do equilibrio ecológico.

As augas están suxias, especialmente o río Mendo presenta unha turbidez branco-leitosa e o río que desemboca na Corxeira baixa mouro. Sedimentase unha mestra capa de fanguiño que ten o aspecto dunha pataña con tonalidades diversas. Algúns puntos de vertido hai un cheiro repuxante.

Deixa os vertidos de residuos viviron nos ríos especies coma o monxe, reo, salmón, troita, robaliza, anguia, etc., que están a desaparecer ou desaparecerán xa totalmente. Na ría sucede o mesmo co berberecho, mincha, ameixa, ostra e outras.

Nos ríos nárticos das mariñas / as aves acuáticas que ali anidaban como os patos, gueivetas, palometas e outras, están desparecendo xa que o seu habitat estáse destruindo pola contaminación dos seus elementos nutritivos.

Meamamente a flora dos ríos nárticos está afectada, sobre de todo nas zonas de vertidos / nas que as plantas aparecen como queimadas.

Nun artigo de "La Voz de Galicia" de ano 1976 describíase así a dramática situación:

"Os peixes baixan a velocidades enormes coa cabeza cara á superficie da auga. Os cangriños chegaban a escalar 6 m. de muro na Ponte Vella, tentando abandear o seu medio, mos-

trando un comportamento similar ó que adoptan dentro dun líquido en ebullición".

Nun acta da Inspección Municipal de Miño con data 20/I/81 dise referindose ás ameixas recollidas na desembocadura do Mandeo (no Pedrido):

"As augas aparecen suxias (incluso nos días que non chove), Un gran porcentaxe de individuos presentan anomalías anatómicas no borde interno da concha e na impresión do manto paleal".


### II. SANIDADE.

As augas residuais procedentes dos vertidos son o hábitat de diferentes tipos de colonias de microorganismos de hongos, algas, protazos, bacterias e virus. Os datos da análise bacteriolóxico advirten da elevada presencia de Coliformes e de Estreptococos Fetales, perigosos para saúde humana.

As augas residuais contienen microorganismos patóxenos, axentes de enfermedades que se transmiten pola auga e introducen no home polo consumo de auga contaminada, ou por inxerir peixes ou moluscos contaminados. Existe tamén o perigo de infeccións a causa dos baños nos ríos contaminados.

A acumulación de residuos nas ribeiras influie no medioambiente (por exemplo, o cheiro

repunante) e transforma o habitat facilitando a prolifera- / ción de ratas, insectos, artró- / podos e outros animais transmis- / ores de enfermedades, creándo- / se así focos infecciosos prà- / cidade.



Por isto compre o tratamento axeitado dos residuos e/ a limpeza das ribeiras pra evi- / tar situacións perigosas prà / segde humán.

### III. ECONOMIA.

#### 1. Estinción do marisco.

No ano 1966 a Cofradía de Pescadores de Miño dirixiuose ás / autoridades denunciando o ver- / tido de residuos contaminantes que causan un progresivo enli- / xamento das augas e forman unha / caya de fanguillo sobre dos criadeiros con perigo de conta- / minación e morte dos moluscos.

Nunha visita realizada o/ 19 de xunio do 1966 por unha / comisión da Cofradía, acompañada polo Axudante Militar da Ma- / rina da Sada, comprobouse des- / póns de sembra de berberechos/ que en máis de 40.000 m<sup>2</sup> inspe- / cionados había un promedio do/ 30% do marisco morto, calculán- / dose aproximadamente en 160000 kgs. de berberecho morto.

No 1973 a Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago analizou as augas do río Mendo e a ría de Betanzos/ por encargo da empresa "Manuel Riego, S.L.". .

Nas conclusións fálase de que os efectos dos vertidos da fábrica de pavimentos (incre- / mento da acidez, turbidez bran- / coleitosa, etc.) van disminuin- / do a partires da unión co río/ Mandeo deixa restablecerse a / normalidade 1,5 kms. máis abai- / xo do punto de vertido.

Na cuarta conclusión con- / sidérase que non hai influen- / cia algúns dos vertidos dista- / expressa nos viveiros de maris- / co.

Nembargantes a Cofradía / denuncia que a turbidez bran- / coleitosa procedente dos verti- / dos, depositase no leito da / ría formando unha espesura de fan- / go sólido nos bancos de maris- / co que é a causa da enfermeda- / de e morte dos moluscos. Isto, / non ocorre en zonas marisquei- / ras limítrofes coa ría de Be-/

par 20

tanxos - non contaminadas - co  
mo o Porto de Miño, o río Ra/  
xoi ou o Penedo, coa particula  
ridade de que realizáronse sem  
bras de ameixas pequenas proce  
dentes da zona da ría de Betan  
zos non afectando en nada á /

producción e a ameixa que viña  
enferma recuperouse.

No ano 1975, a Cofradía /  
dirixiuose ó Director Xeral de/  
Pesca denunciando a dramática/  
situación cos seguintes datos:

Temporada	72-73	73-74	74-75
Minchas	—	21.827 kgs.	—
Otros	antes toneladas, pro dende 70-71 nada.		
Berberecho	434.262 kgs.	42.868 kgs.	14.050 kgs.
Ameixa	13.837 kgs.	13.920 kgs.	3.313 kgs.

Nun informe realizado no/  
ano 1981 por un biólogo do //  
"Plan de Explotación Marisque  
ra de Galicia" disce que as de  
ficientes instalacións dun dos/  
parques marisqueiros alteran o  
sistema de correntes de auga,  
provocando unha abondosa sedi  
mentación. A acumulación de /  
fango afecta ás instalacións/  
marisqueiras da zona, formánndo  
se unha tona de limo mui fino/  
con espesor de daica 15 cms. /  
que impide a supervivencia dos

moluscos diretamente afectando  
a actividade filtradora dos mo  
luscos e indirectamente produ  
cindo procesos anaerobios ba  
ixo o substrato arenoso.

Pro non se manifestaban /  
no informe sobor da crixende /  
procedencia do "fango de testu  
ra mui fino" que mata os molus  
cos obstruindo a súa activida  
de filtradora e impidiendo o pa  
so de oxíxeno baixo a área on  
de se atopa.

As pérdidas económicas //  
son mui elevadas. Nos anos 60  
e primeiros dos 70 capturában  
se moitas toneladas de diver  
sas especies na ría de Betan  
zos, e na actualidade a activi  
dade marisqueira está práctica  
mente extinguida.

Isto é máis grave si te  
mos en conta os bons rendimen  
tos que poderíanse obter cunha  
axeitada e racional explota  
ción marisqueira da ría de Be  
tanzos. Unha empresa estaba //

mui interesada nos anos 70 na explotación económica da ría/ con modernas instalacións de cultivo de moluscos. E todo isto, supón numerosos postos de traballo perdidos.

#### 2. Costes de depuración.

A contaminación dos ríos non existiría cun tratamento axeitado dos residuos denan-tés do seu vertido, polo que a compresa utilización de instalacións de depuración. Nalgún caso habería que evitar ises/vertidos mediante a utilización de depósitos de sedimentación (por exemplo, "Manuel Riego S.L.").

As empresas contaminantes verten os residuos sin un tratamento axeitado pra evitar os elevados costes de instalación e funcionamento dos / costes de producción coa conseguente perda de ganancias.

Pro, o problema dos costes económicos é moito máis / complexo. Os negativos efectos externos das empresas contaminantes causan unhas perdas moi físimo máis graves :

- ecolóxico : estinción da // fauna e da flora mariñá.
- social : deterioro da calidade de vida.
- sanitario : perigos de infeccions e intoxificacións.
- económico : estinción da explotación económica mariisqueira da ría.

As empresas contaminantes

tes pretendan reduci-los seus / costes de producción obrigando/ á sociedade a soportá-los cos-tes que orixina.

#### IV. POLÍTICA.

##### 1. Causas.

Os empresarios prefieren / realizar-los vertidos de residuos sin sometelos ó tratamento axeitado pra evitá-los gastos das / instalacións depuradoras e poder obter maiores ganancias diste / xeito, sin preocuparse dos / graves efectos da contaminación e os seus costes á sociedade.

A políticas das autoridades é a pasividade a cuio emprego incremén-tase cada vez máis a contaminación. E por si non fora / abondo, o concello contribuise activamente e aumentala me-diente o vertido de augas resi-duáis do alcantarillado local / sen tratamento previo.

Os partidos políticos, aso-ciacións de veciños, e outras / organizacións locais, manteñen/ unha actitude pasiva, autoxustifi-cándose coa ameaza de paro co-tenor das "represalias" no caso/ de tomar unha posición crara ante o problema.

Somenteles un grupo de veciños máis afectados velen luchan-do dende hai anos contra da con-taminación. Tamén a Cofradía de Pescadores lucha en defensa dos intereses dos mariñadores.

## 2. Soluciones.

Non podemos esquecer que a industria crea riqueza e postos de traballo. Tampouco podemos esquecer que a contaminación destruye o noso propio hábitat, deteriora a calidade da vida, pon en perigo a saúde humana, destruye o equilibrio ecolóxico, extingué a explotación económica mariisqueira...

E decir, compre armonizá-lo progreso industrial coa conservación da natureza e ir mellorando a calidade de vida.

Nós propoñemos as seguintes medidas:

- estudo amplio e profundo sobre da contaminación.
- información ó pobo sobre do tema.
- medidas sanitarias de preventión.
- aplicación da lexislación // obligando á utilización axeitada de depuradoras e depósitos de residuos co seu tratamento.
- limpeza dos ríos.
- creación dunha comisión do medio ambiente no Axuntamento.

## DOCUMENTACION CONSULTADA

- Análise da ría Mendo / e a ría de Betanzos realizado polo Departamento de Bromatología, Toxicología e Análise Químico da Facultade de Farmacia/ da Universidade de Santiago de 11/6/73.

- "Estudo ecológico da Ría de Betanzos" realizado por seis universitarios de Betanzos en 1980.

- Análise da ría de Betanzos realizado polo Centro Experimental do Plan de Exploración Mariisqueira de Galicia.

- Artigo de Pablo Armada/ en "La Voz de Galicia" de 3/8/76.

- Acta da Inspección Veterinaria Municipal de Miño de 2c/1/81.

- Documentos da Cofradía de Pescadores de Miño.

- Informe realizado por Pedro Pérez Gorostiaga, biólogo do "Plan de Exploración Mariisqueira de Galicia" de 3/2/81.